



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 05/2025

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E CATRO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

En Ordes, a vinte e catro de abril de dous mil vinte e cinco.

Na Sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONI CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D^a. MARIA VIEITES CALVO
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D^a. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVARDE REY
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 27 de marzo de 2025, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 27 de marzo de 2025, resultou aprobada por maioría de dezasete votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Polo Sr. Alcalde non se informa de ningunha actuación municipal.

3. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 27 de marzo de 2025, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

4. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos grupos políticos non se presenta moción algunha.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Aparentemente finalizadas as obras nas inmediacións do Auditorio María del Carmen Regueira Amor, puidemos comprobar que existe risco de caídas na rampla instalada xa que non conta con elementos de protección e, ademáis, pode pasar inadvertida para as persoas que entran ou saen do edificio ou que circulan pola beirarrúa.

É polo que solicitamos:

Instalar elementos de protección en dita rampla, tales como unha varanda.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o técnico informou que non procede a colocación de ningún tipo de barreira. A obra executouse conforme á normativa tanto pola parte de accesibilidade como de evacuación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. Berdomás García, que sinala que se refiren ao atillo que queda á saída da Casa da Cultura, entre as columnas para atrás hai unha caída considerable, é necesario colocar unha rampla ou un aviso.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se lle dará traslado ao técnico.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Segundo o datos que puxo a disposición a Consellería de Política Social e Igualdade, en Ordes teñen recoñecido algún grao de discapacidade un total de 862 persoas, o que representa un 6,63% da poboación do noso Concello.

A situación destas persoas vese agravada pola inexistencia de recursos locais de atención ás súas necesidades. Deste xeito, moitas familias vense na obriga de acudir a municipios afastados como poden ser Santiago de Compostela, A Coruña, Boimorto, Culleredo, Negreira, ...etc. Como pode resultar evidente, isto xera unha desigualdade importante no acceso a servizos de atención diúrna, centros ocupacionais ou vivendas de transición á vida independente (antes coñecidas como vivendas tuteladas).

Polo que, o grupo municipal do PSdG-PSOE roga:

1. Instar á Consellería de Política Social e Igualdade a instalar un centro de atención a persoas con discapacidade así como un centro ocupacional no Concello de Ordes.
2. Poñer á disposición da Consellería de Política Social e Igualdade a vivenda de uso social situada en Queirúa para desenvolver proxectos de transición á vida independente.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de política social, que sinala que os datos que mencionan son de carácter xeral. Dende o 03/01/2025 solicítase conxuntamente a discapacidade e a dependencia. Todos os dependentes entran nese cupo de discapacidade. Os menores están dende o inicio con escolarización continuada, flexibilizando dependendo do que elixan os pais educación ordinaria ou en centro especializado, tamén das axudas. Os pais tampouco queren a especialización para que estean máis integrados. Discapacitados e dependentes entran nunha lista de PAR xestionada pola Xunta de Galicia que deriva a centros terapéuticos segundo o grao e capacidade económica, nunca segundo o ámbito territorial. Non hai un centro que abarque todas as especialidades, non é posible. Aquí temos cuberta a saúde mental con Andaina Pro Saúde Mental, inserción laboral con Cogami, a Unidade de Saúde Mental do Sergas, xa casos específicos temos o curso de habilidades sociais e vaise instaurar a atención directa con Sarela dano cerebral. Quitando estas persoas, as persoas de 16 a 65 anos que están en idade laboral e/ou traballando, a lista redúcese a 293 persoas. Tamén temos residencia, centro de día, os servizos están cubertos. Por todo elo non consideran necesarios estes centros. Estas persoas están perfectamente atendidas, tamén polos servizos sociais. A vivenda está destinada a un fin específico que é o aluguer social. Unha vivenda destas tampouco poderían directamente facer una atención directa sobre a poboación, a derivación a estas é algo complementario ao recurso específico que se lle determina pola Consellería.

Intervén o Sr. Castro Veiras, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- A veciñanza trasládanos a súa preocupación polo emprego de produtos fitosanitarios no control da vexetación existente nas inmediacións de cursos fluviais.

Existe un risco evidente de que o herbicida remate na auga co conseguinte perigo para o medio ambiente.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

Se priorice o emprego de outros métodos menos agresivos para o medio ambiente no control da vexetación dos espazos urbanos, especialmente preto dos cursos fluviais.

Intervén o Sr. Alcalde, que pregunta a data das fotografías que se xunta co rogo.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que son de finais do mes de febreiro.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se fixo onte unha comprobación polo concelleiro delegado de medio rural e non se corresponde coa situación actual, igualmente tómase en consideración o rogo.

Intervén a Sra. Martínez Vieites, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- A pista que comunica o núcleo do Seixo coa pista principal que enlaza a parroquia de Buscás co Mesón do Vento, que coincide co trazado do Camiño Inglés, atópase nun lamentable estado de conservación.

Tal e como se amosa nas fotografías que se achegan a continuación, existen na mesma numerosas fochancas de gran tamaño e profundidade, o que provoca que a pista resulte practicamente intransitable para un vehículo tipo turismo.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A proceder coa pavimentación da pista de maneira urxente, dado o lamentable estado de conservación que presenta.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que son coñecedores, hai máis pistas. Non ten a rodaxe adecuada para o tránsito que soporta, está revisada polo concelleiro delegado de obras e a asistencia técnica. Foi valorada o ano pasado para a súa inclusión nos proxectos de investimentos financeiramente sostibles. Non se puido levar a cabo por que non se flexibilizaron as regras fiscais polo goberno central. Valoración de aglomerado 80.000 euros. Vai a executarse nos vindeiros meses.

Intervén a Sra. Martínez Vieites, que sinala que esta pista é por onde pasas os peregrinos, estes estanse queixando polas pedras que saen cara arriba, hai zonas nas que é difícil andar, os taxis non van a buscar ata alí. Estase a prexudicar aos peregrinos que pasan por esa zona e hostaleiros.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que son plenamente conscientes. As obras hai que facelas cando se pode actuar, levamos uns meses nos que bachear é tirar os cartos. Nos vindeiros meses estará resolta.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Cando unha vivenda remata a súa construción, xunto coa correspondente comunicación previa de primeira ocupación, outórgaselle a numeración correspondente.

O problema radica en que dita numeración en moitas ocasións, efectúase pola orde na que se vai concluíndo a construción das vivendas que compoñen o núcleo en cuestión, polo que existen núcleos no noso concello que se atopan cunha numeración un tanto caótica.

Este desorde, leva aparelados numerosos problemas á hora do reparto postal ou de paquetería (especialmente cando o persoal non está habituado á zona).

Débese ter en conta que canto mais se tarde en actuar, esta desorde afectará cada vez a mais vivendas, polo que retrasar a decisión de proceder á organización da numeración dos núcleos resultará prexudicial.

Partindo da base que supón a definición do trazado dos núcleos rurais no P.X.O.M. de Ordes, poderíase establecer unha numeración das parcelas que os compoñen. Cabe ter en conta que unha posterior execución de segregacións ou agrupacións de parcelas, non suporía maior problema para a numeración que se estableza, dado que poderíase adoptar o criterio de achegar unha letra ao número correspondente (por exemplo 15A, 15B, 15 C...) ou de agrupar os números das parcelas afectadas (15-16).

Resulta evidente que estas modificacións causarán molestias ao principio, dado que levará aparelado que as persoas propietarias deban tramitar diversas modificacións na numeración das súas vivendas, pero entendemos que resulta mais nocivo o caos existente.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A emitir desde o concello un bando informativo sobre a necesidade de organizar a numeración dos núcleos rurais, de cara a que a veciñanza vaia tomando conciencia do problema.

A impulsar unha organización da numeración dos núcleos rurais, partindo da base que supón o parcelario que figura no P.X.O.M. de Ordes.

Unha vez efectuado dito estudo sobre a numeración, notificar ás propiedades afectadas, de cara a que poidan tramitar as modificacións oportunas con respecto aos seus enderezos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta proposta non é para nada na liña na que está a traballar este goberno polo que ningún dos puntos do rogo se van a admitir. Existe un proxecto de numeración dixital para desenvolver co GDR Asdecomor período 2026-2027. Está pendente que se lle confirme a asignación ao Concello de Ordes e concorrer aos fondos do GDR na parte proporcional e o resto financeiro con fondos propios. O obxecto é a adaptación da toponimia ao rúeiro do PXOM en base ao estudo previo que se fixo para este tipo de actuación. Xa está executado o sics en canto á plataforma de numeración dixital, está a disposición no padrón municipal. A actualización catastral que hai que facer para a plena correspondencia. O padrón xeorreferenciado unha vez que se consiga a actualización catastral adaptada ao PXOM. De maneira paralela os arquivos google co intercambio de datos precisos con



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

todas as plataformas. Por último deseño de rótulos sobre vinilo para entregar ás vivendas coa nova numeración. Valorándose que este custe sexa financiado pola propia subvención. Custe total 149.500 euros. Fíxose un estudo para os sete concellos da comarca. Ordes ten 5.206 fincas con construción, 3347 fincas urbanas sen construción, 1936 fincas urbanas con construción sen número. Traballo iniciado pendente de financiación. En canto aos números indicarán os técnicos o que procede para non causar prexuízos á poboación, analizarase no proxecto segundo a experiencia que se ten.

- A veciñanza ten trasladado a este grupo municipal a existencia de varias fontes públicas do noso concello que levan tempo fora de servizo.

Logo de efectuar as correspondentes comprobacións, desde o BNG de Ordes, constatamos que, cando menos, non están a funcionar as seguintes:

A existente no cruce da rúa Víctor González Faya coa rúa do Recreo.

A existente na praza a carón do edificio pública Mostra do traxe Juanjo Liñares.

A existente no paseo Ramiro Recouso Lise.

A existente no paseo Iván Raña Fuentes.

A existente en Cabeza de Lobo (Ardemil), ao abeiro do proxecto “LifeWaterWay” do Camiño Inglés.

Entendemos que de pouco serve gastar os cartos en instalar estes elementos, para logo telos fóra de servizo como está a acontecer.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

A poñer en funcionamento as citadas fontes públicas, que a día de hoxe seguen fóra de servizo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se lle deu traslado a Espina y Delfín para que faga unha comprobación, pode ser por unha avaría puntual no propio elemento de funcionamento. Aínda non hai resposta. Verase a incidencia.

- A urbanización do Paraíso, denominada UA-13 nas NN. SS. de planeamento de Ordes, hoxe denominado P-OR-27 polo PXOM de Ordes, segue nunha situación de estancamento que resulta prexudicial para tódalas partes.

Por unha banda, as persoas propietarias dos terreos non poden construír nos mesmos posto que mentres non se remate a urbanización, os seus terreos non adquiren a condición de solar.

Por outra banda, o concello de Ordes construíu de xeito irregular un pavillón, un parque e un “pumptrack” nas parcelas destinadas para zona verde e uso dotacional que foron cedidas, pero que mentres non se acadase o remate da urbanización, tampouco podían ser construídas.

Incluso no pleno de novembro do ano 2019, o alcalde de Ordes impulsou a aprobación inicial dun expediente de cesión gratuíta á Gerencia de Infraestruturas y Equipamiento



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

de la Seguridad del Estado (GIESE) (Ministerio del Interior), da parcela que está a servir na actualidade como aparcamento a carón do pavillón Castelao II, de cara a construción dun posto da Garda Civil.

Tal e como manifestamos desde o BNG naquel pleno, esta proposta carecía de sentido, dado que a parcela forma parte desta mesma urbanización, e dado que non se atopaba rematada, non se podía construír.

A resposta do alcalde a esta cuestión que fixemos desde o BNG, foi “A urbanización ten que rematarse. A persoa responsable da execución da urbanización déuselle un prazo que se notificou por escrito para o seu remate, se non o fai nese tempo o seguinte paso que vai a dar o concello é rematar o trámite da urbanización con fondos municipais que se consignarán na partida oportuna e despois repercutir a costa dos bens nesta urbanización deste propietario ou outros dos que sexa titular para dar obrigado cumprimento á obriga que no seu momento adquiriu con todos os propietarios desta unidade de actuación. O prazo remata en decembro.”

O certo é que xa pasaron moitos decembros desde aquel 2019, e a situación segue igual que estaba, sen amañar.

Incluso debemos ter en conta que co paso do tempo, os materiais alí depositados vanse deteriorando, como por exemplo a pavimentación das vías xa executadas, as cales son habitualmente utilizadas pola veciñanza que acode ao pavillón, ou incluso chegaron a celebrarse probas ou exhibicións de automobilismo, coma o rally. Chegado o momento ¿van a ser recepcionadas ditas vías con baches, ou vaise esixir ás persoas propietarias costear unha nova pavimentación?.

Desde o BNG entendemos que non se pode demorar mais a procura dunha solución a esta situación, para regularizar a situación dos bens municipais que alí se atopan construídos, e que sexa posible facer uso da outra parcela dotacional coa que conta o concello, nos terreos da citada urbanización.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A promover unha reunión coas persoas propietarias da urbanización denominada “UA-13” polas NN. SS. de planeamento (actualmente “P-OR-27” no P.X.O.M.), e cos responsables da execución da citada urbanización, co gallo de explorar a posibilidade de que o concello se faga cargo do remate da urbanización e que vexa compensado dito investimento, con mais parcelas dentro da urbanización, que logo poida destinar a mais zonas verdes, equipamento, ou incluso vivenda pública, tramitando as oportunas modificacións puntuais sobre o planeamento urbanístico vixente.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non lle vai a permitir que dubide deste grupo de goberno ou cuestione o traballo dos técnicos. Se considera que as construcións son irregulares ou teñen algún tipo de problema o denuncie, por que iso non é certo. Díxollo daquela e volve a dicirlo agora. Se o pavillón ou o parque infantil están irregulares, que están feitos antes de este grupo de goberno denuncie. Se o pumptrack esta irregular denuncie por que ten todos os informes favorables. A cesión gratuíta desa parcela ao Ministerio do Interior ten todos os informes favorables dos técnicos. Está convencido de que os técnicos fixeron as cousas ben. Mire a acta de febreiro de 2022. Non van a atender o rogo. Esta na posición que esta. Houbo reunión cos propietarios de maneira conxunta o 22/07/2020 e individuais varias delas ao longo destes anos. Reunións co responsable a execución polo menos catro: 03/03/2020, 31/07/2020, 26/03/2021 e 15/10/2021. Isto non quere dicir que estivéramos quietos. Houbéralles gustado ter avanzado nesta situación, pero non por isto a situación das parcelas municipais é



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

irregular. Esta é unha situación herdada que a calquera deles lle gustaría resolver. Aquí hai un sistema de execución que é o de compensación, hai un responsable da urbanización que non é o concello, é unha promoción privada. A ese responsable axudouse ata onde se puido, incluso para que puidera levar a cabo a apertura do vial que está pendente, non executando o que se comprometeu. Está pendente de que se faga un informe definitivo pola asistencia técnica urbanística municipal. Espina y Delfín si que fixo o informe que corresponde á parte de abastecemento e saneamento, pero non conseguimos que a parte privada nos facilite os informes de telecomunicacións e de UFD polo que esta parte de valoración é moi difícil de facer. Lévese tempo vendo as incidencias que hai con respecto ao proxecto de urbanización aprobado polo concello a executar por un responsable privado en canto á parte de valoración pendente. A intención é ter ese informe final coas necesidades pendentes para a recepción da urbanización e darase traslado ao responsable da urbanización para ver si están dispostos ou non a súa realización. Si isto non acontece so quedan dous camiños, que os propietarios das parcelas denuncien ou polo concello abrir a vía xudicial. O concello non pode de antemán actuar de oficio.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que eles veñen aquí como representantes da veciñanza a facer política, por enriba da mesa os problemas que hai e tentar buscar solucións.

Intervén o Sr. Alcalde, que está moi ben facer política, pero outra cousa é vir a falar de irregularidades.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que eles non veñen a xudicializar a vida política, iso o fan outros incluso empregando recursos de todos os veciños de Ordes para meterse en liortas con outras administracións públicas. Sigue mantendo aquí e onde faga falta o das irregularidades. Unha urbanización sen rematar calquera veciño que vai a pedir unha licenza para a edificar nestes terreos non se lle vai a conceder, e o concello de Ordes tampouco entendemos que poida coller e construír alí un pavillón. Que no seu día foi construído de xeito irregular si, que co paso do tempo prescribiu a infracción. Ao seu xuízo persoal foi construído de forma irregular.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se equivoca, traslada unha información errada á poboación. Manifesta que é un covarde político por falar aquí de irregularidades que non é capaz de denunciar.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que un covarde político non por que llo segue a afirmar que foron construídos de xeito irregular. Calquera veciño que é propietario alí non pode construír.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é por que a lei o impide, o que non sucede para as administracións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que a administración de súpeto e sen vir a conto de nada pode facer isto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hai uns informes favorables que lle permitiron facer todas e cada unha destas obras, tanto en gobernos anteriores como unha actuación feita por eles.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que haxa informes favorables non quere dicir que poidan estar ben ou mal. Do que se trata ao final de todo é de intentar buscar unha solución. Iso vaise deteriorando cada día máis, cada día hai máis problemas. Xa empeza a estar todo cheo de fochancas, vai a esixirse que pavimente todo de novo para recepcionar as obras, sendo utilizadas como están as vías públicas, non o ve



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

lórico. Trátase de buscar unha solución, non falan de actuar de oficio ou embargar nada. Sentarse e intentar buscar unha solución, si é posible, senón que o concello valore as obras a executar e ver si a través de bens, de aportación de capital do responsable ou aportación de propietarios se están dispostos a facelos para acabar dunha vez.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que toma a legalidade segundo lle interesa. Está a falar de irregularidades dos técnicos da administración municipal de Ordes e por outro que se fagan cousas que contraveñen a normativa, o proxecto de urbanización e especialmente a Lei do solo de Galicia. Siga por esa liña que vai moi ben.

Por último ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- O PSdeG de Ordes recibiu queixas sobre a xestión, por parte do Concello de Ordes, das solicitudes de reserva de prazas para uso persoal co fin de que as persoas portadoras de tarxeta de mobilidade reducida poidan estacionar preto do seu domicilio e/ou lugar de traballo.

A pesares de que este é un dereito recoñecido, a veciñanza indica que as solicitudes non son atendidas nin respostadas por parte da administración local.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde: ¿A que se debe esta situación?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de política social, que sinala que a tarxeta de mobilidade reducida non recoñece o dereito a prazas para uso persoal. Non hai prazas á carta, hai unha normativa que se cumpre, por tantas prazas de aparcamento normal un número de prazas de discapacidade. As solicitudes que cumpren os requisitos conforme á legalidade vixente están todas respostadas.

- Os xerentes dun local de hostalería trasladáronnos as súas queixas porque, nos últimos días, achegáronse en numerosas ocasións ao Concello para solicitar a instalación da terraza durante a Festa do Champiñón pero non foron atendidos xa que, presuntamente, non está cuberto o posto de traballo que ten atribuídas estas funcións.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿É certo que ditas funcións están desatendidas?. De ser así, ¿ten pesado o goberno local aplicar algunha solución?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que lle trasladan os funcionarios é que o que manifestan aquí non é certo. Se coñecen este caso mándeno a falar con eles, non son coñecedores desta situación. Fíanse plenamente dos técnicos e funcionarios. Preguntado non hai tal situación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte horas dez minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias